



CONCELLO
AGUARDA

(PONTEVEDRA)

Concurso de decoración “AS XANELAS DO NADAL” 2020

ENTIDADE PROMOTORA

AS XANELAS DO NADAL é unha iniciativa do Concello da Guarda en colaboración cos veciños/as e desenvolverase de acordo as bases aquí establecidas.

A participación implica a aceptación integral das presentes normas.

TEMA

O tema obxecto da actividade é o “**Decorado das Xanelas do Nadal**”, onde cada veciño/a poderá decorar libremente unha xanela, porta ou balcón da súa vivenda visible dende o exterior.

Unha vez decoradas, para participar no concurso, deberá enviarse un e-mail a culturaguarda@gmail.com indicando nome, apelidos, enderezo e un teléfono de contacto.

Estas fotografías serán colgadas no Facebook de @culturaguarda o **lúns 14 de Decembro**. Pasada unha semana (**lúns 21 ás 14:00 horas**) as tres fotografías con máis Likes serán as gañadoras dunha cesta de nadal.

Os traballos resultantes, serán utilizados polo Concello da Guarda para a súa difusión dende a páxina web e as redes sociais.

OBXECTIVOS

- Apreciar e valorar o espírito do Nadal.
- Conseguir que o cidadán se sinta motivado por vivir o Nadal.
- Concienciar da importancia do enbelecemento da vila.
- Fomentar o traballo en familia.
- Unir ós veciños/as para traballar sobre un mesmo obxectivo.

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Poden participar nesta actividade todos os veciños/as interesados, sempre que sexan do municipio da Guarda.

Cada veciño/a poderá participar cun máximo **dunha proposta**.



CONCELLO AGUARDA

DECORADO

Animamos os veciños/as a empregar preferiblemente **materiais de refugallo, non contaminantes.**

CONFIRMACIÓN DA PARTICIPACIÓN

Os veciños/as interesados deberán **enviar a súa fotografía antes do día 11 de decembro de 2020 ao e-mail culturaguarda@gmail.com** . O día 14 de Decembro serán colgadas no Facebook de Cultura a Guarda, día que comezará o concurso de Likes.

DIVULGACIÓN DOS RESULTADOS

O resultado dos tres gañadores/as farase público o 21 de decembro de 2020 en torno ás 14:00 horas, momento no que finalizaría o concurso.

Ademáis, publicaranse na páxina web do Concello da Guarda e enviarase para a súa publicación a outros medios de comunicación.

DEREITOS DE AUTOR

Todos os veciños/as participantes autorizan a utilización dos traballos, sen compensación, en todas as publicacións ou actividades promovidas polo concello da Guarda, quen deberá en todo caso citar o autor (salvo que este indique por escrito que non quere ser identificado).

NOTA FINAL

Praza do Reló, 4

Horario: 09:00 -15:00

Tlfno. 986 61 00 00

E-mail:culturaguarda@gmail.com